

C.E.I.P. CONDESA DE FENOSA

CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA

Tlf: 988.321.060. Fax: 988.325.969

E-mail: ceip.condesa.fenosa@edu.xunta.es

Rúa Coruña nº 24 – 32300. O BARCO DE VALDEORRAS



**PLAN DE CONVIVENCIA ESCOLAR
REVISIÓN CURSO 2012-2013**

Indice

<u>INTRODUCCIÓN</u>	3
<u>BASE LEGAL</u>	3
<u>PRINCIPIOS</u>	3
DESTINATARIOS	4
CARACTERÍSTICAS DO CENTRO E DA CONTORNA	4
<u>SITUACIÓN DA CONVIVENCIA NO CENTRO</u>	4
EXPERIENCIAS E TRABALLOS PREVIOS RELACIONADOS COA CONVIVENCIA NO CENTRO	5
DETECCIÓN DE NECESIDADES	6
OBXECTIVOS DO PLAN DE CONVIVENCIA	6
ACCÍONS PARA A CONSECUCIÓN DOS OBXECTIVOS	7
O OBSERVATORIO DE CONVIVENCIA ESCOLAR	7
NORMAS DE CONVIVENCIA	8
NORMAS XERAIS DO CENTRO	8
RELACIÓN DE FALTAS E CATALOGACIÓN	8
ESTRATEGIAS DE INTERVENCIÓN	10
DIFUSIÓN, SEGUIMENTO E AVALIACIÓN DO PLAN	12

INTRODUCCIÓN

O presente **Plan de Convivencia Escolar** trata de establecer a liña de traballo a seguir no noso centro en materia de convivencia, así como de establecer as normas que a regularán e de plasmar as actuacións que se levarán a cabo para cumprir os obxectivos do mesmo.

Puntos de partida

- **Marco legal existente:** visión preventiva, construtiva, positiva, comunicativa e integrada.
- **Marco teórico,** que recoñece o papel decisivo que xoga a educación como motor que impulsa a cultura de paz.
- **Reflexións** de todo o claustro sobre o modelo de convivencia do noso centro.

Para que o plan sexa realmente efectivo, debe ser **coñecido e asumido por todos e cada un dos compoñentes da nosa comunidade educativa:** alumnado, profesorado e familias.

A **finalidade** deste plan de convivencia será, polo tanto, promover e contribuír á consecución dun clima adecuado dentro da comunidade educativa e, especialmente do centro, que se caracterice polo respecto mutuo, o diálogo e a tolerancia.

BASE LEGAL

- Constitución Española: Artigo 27.2.
- Resolucións aprobadas pola Asemblea Xeral das Nacións Unidas. Declaración e Programa de Acción sobre unha Cultura de Paz. (6-10-99).
- Lei 27/2005 do 30 de novembro de fomento á educación e cultura da paz (BOE 1 de decembro de 2005).
- Lei Orgánica 2/2006 do 3 de maio de Educación. (BOE de 4 de maio).
- Real Decreto 806/2006, de 30 de xuño, polo que se establece o calendario de aplicación da LOE. (BOE do 14 de xullo).
- Acordo interinstitucional para a posta en marcha do Plan Integral para a Mellora da Convivencia Escolar en Galicia. (30-01-2007)
- Decreto 85/2007 de 12 de abril polo que se crea o Observatorio Galego de Convivencia Escolar. (DOG 8 de maio de 2007).
- Instrucións sobre a constitución do Observatorio da Convivencia nos Centros Educativos e para a elaboración do Plan de Convivencia. (17-10-2007)
- Lei 4/2011, de 30 de xuño, de convivencia e participación da comunidade educativa

PRINCIPIOS DE INTERVENCIÓN

3. **A Convivencia escolar** entendida como unha interrelación entre as distintas persoas que compoñen a comunidade educativa (alumnado, profesorado e familias) que ten lugar nun espazo determinado (escola)
4. **Principais piares** que regulan a convivencia no centro: a comunicación, o diálogo, o respecto, a valoración da diversidade, a cooperación, a empatía, a asunción de compromisos e a tolerancia.
5. O centro como ente dinámico e cambiante, no que coexisten diversos grupos humanos.
6. Clima de convivencia froito dun **proceso de construción colectiva no que se require a implicación de todos os membros.**
7. Intervención **preventiva** (desenvolvemento de habilidades sociais) e non só reactiva ante posibles conflitos na convivencia.
8. Fomentar a **participación** da comunidade na busca dunhas normas consensuadas.
9. Xestionar a convivencia no centro combinando:
 - **Modelo integrado** (insertado no proceso de ensinanza-aprendizaxe e na cultura organizativa do centro).
 - **Modelo sancionador** (baseado unicamente na aplicación de sancións).
 - **Modelo relacional** (baseado no diálogo e o consenso).

DESTINATARIOS

O Plan de Convivencia ten como destinatarios a **todos os membros da Comunidade Educativa**:

- Alumnado
- Profesorado
- Familias
- Persoal non docente.

Para cada un deles especificaremos unha serie de obxectivos.

CARACTERÍSTICAS DO CENTRO E DA CONTORNA

O CEIP “Condessa de Fenosa” está situado na vila de O Barco de Valdeorras (Ourense), que conta cos servizos axeitados para satisfacer as necesidades principais da poboación: concello, sanidade, educación, servizos sociais, facenda, lecer e espectáculos.

O colexio consta de 12 unidades de Educación primaria e 6 de Educación Infantil, así como de dúas Aulas específicas, posto que é centro de escolarización preferente para alumnado con necesidades específicas de apoio educativo.

A maioría das familias do centro teñen unha estrutura convencional, aínda que, cada vez, é máis común a existencia de familias diversas. Teñen un nivel socioeconómico e cultural medio-baixo.

A procedencia da poboación deste centro é orixinaria do concello, aínda que existe unha porcentaxe en torno ao 23% de alumnado estranxeiro ou de ascendencia estranxeira.

As familias manteñen unha relación boa e fluída co centro. Existe un AMPA moi participativa e colaborativa.

O centro ten unha distribución peculiar dos espazos e quédase pequeno para dar cabida a gran cantidade de alumnado que fai uso de el.

O equipo docente é bastante estable, dinámico e implicado en distintos proxectos.

Para unha información máis detalla do contexto, remitímonos ao Proxecto Educativo de Centro.

SITUACIÓN DA CONVIVENCIA NO CENTRO

En liñas xerais a situación actual da convivencia no noso colexio é boa e satisfactoria.

Atópase condicionada por unha serie de **factores** entre eles podemos citar:

- **O contorno social:**
 1. O colexio enclávase nunha zona de emigración na que conviven distintas culturas, o que implica, nalgúns ocasións, a mobilidade do alumnado, que comeza a medio curso ou non remata este no mesmo centro.
 2. Por outra banda, os sectores clave da comarca están a ser desmantelados, diminuindo ás expectativas de obter traballo na zona e incrementando o número de parados e de persoas que ven reducido o seu salario.
- **O contorno cultural:**
 1. A oferta cultural nesta bisbarra é ampla: biblioteca, ludoteca, actividades extraescolares do concello, conservatorio, escola de gaitas, piscina, zonas de libre acceso a internet...
 2. Constatamos unha falta de conciencia e coñecemento das posibilidades do contorno cultural existente. Pode condicionar a asistencia ás mesmas que algunhas non son gratuítas.
- **O contorno físico:**
 1. A distribución dos espazos do centro supón, ás veces, unha causa de conflitos:
 2. O colexio distribúese en tres edificios independentes: pavillón, “a casiña”, edificio principal que ten tres andares e numerosas escaleiras.
 3. A distribución dos espazos do patio e a súa escasa dotación é susceptible de xerar conflitos.
 4. O tamaño das aulas é reducido. Este factor, sumado ás elevadas ratios, provoca tamén dificultades na convivencia.
 5. O comedor do centro quédase pequeno para o elevado número de usuarios.
 6. O uso dos espazos comúns é, en ocasións, fonte de problemas que debemos ter en conta.

Relacións entre o profesorado: A pesar de ser un claustro moi numeroso as relacións son

fluidas e agradables.

Relación coas familias: En xeral bastante correcta. A maior parte delas implícanse moito e colaboran en gran maneira. Sen embargo existe un sector de pais do alumnado que, debido a distintas e variadas razóns, non participan tan activamente no proceso educativo dos seus fillos.

Relacións entre o alumnado: Non se observan serios problemas, aparecendo algún conflito esporádico que se resolve fundamentalmente co diálogo e con algunha medida disciplinaria de carácter menor.

Relación con outras institucións:

1. O **Concello** organiza puntualmente actividades extraescolares nas que participa o centro: Educación Vial, Semana da Natureza, actividades deportivas e de ocio. Colabora tamén con Asociacións Culturais como Vagalume, Cruz Vermella... Encárgase da limpeza do centro, dos gastos de luz e do mantemento do ascensor. Realiza actuacións de mellora e conservación no edificio.
2. **Servizos Sociais:** debido ao elevado número de casos que demandan este servizo, existe unha estreita colaboración.
3. **Asociacións** do contorno de diversa índole: Fundación Arela, Asociacións Culturais...

A máis dos factores de influencia, debemos destacar os **tipos de conflitos máis frecuentes**, que son:

- **Entre o alumnado:**
 1. Comportamentos disruptivos na aula: levantarse sen permiso, falar cos compañeiros...
 2. Problemas no patio relacionados coa distribución dos espazos.
 3. Distracción e falta de atención.
 4. Esquecemento do material para o desenvolvemento da clase.
 5. Perda de respecto entre iguais, e ao profesorado durante o período lectivo.
 6. Excesiva competitividade.
 7. Desobediencia ás ordes educativas do profesor.
 8. Distinto grao de aceptación das normas e do "diferente".
- **Entre o profesorado:**
 1. Distinto grao de asunción de determinados compromisos tomados polo claustro.
 2. Diferencia de interpretación, dunha norma establecida.
- **Entre as familias:**
 1. Tendencia a encubrir e/ou xustificar aos fillos/as con respecto ao incumprimento das normas.
 2. Pequenos conflitos xerados por diversidade de opinión en canto ao tratamento dun tema ou porque as queixas das familias non seguen as canles adecuadas.
 3. Posta en dúbida do labor do profesorado.
 4. Sobreprotección como estilo educativo parental.

EXPERIENCIAS E TRABALLOS PREVIOS RELACIONADOS COA CONVIVENCIA NO CENTRO

A formación no respecto dos dereitos e liberdades fundamentais e no exercicio da tolerancia e da liberdade dentro dos principios democráticos da convivencia é o eixe fundamental sobre o que xira o proxecto educativo do noso centro, con todo o que iso implica.

As actividades que se veñen realizando neste centro no tema da convivencia están en relación directa ou indirecta coa mesma.

A continuación ofrécese un resumo das medidas e actividades levadas a cabo que pensamos que favorecen a convivencia escolar.

- **Alumnado:**
 1. Posta en práctica do **Plan de acollida** ao alumnado de novo ingreso, co fin de propiciar unha rápida integración do alumno/a e un bo clima coa familia do alumnado novo.
 2. Participación na **elaboración das normas da aula**. **Difusión** e coñecemento das mesmas.
 3. **Participación nas festas, saídas, excursións, teatro, convivencias...**
- **Profesorado:**
 1. **Metodoloxía:** traballo cooperativo, axuda entre iguais, atención á diversidade, traballo das habilidades sociais e da intelixencia emocional, traballo dos valores...

2. **Difusión das normas** entre o alumnado e **debate** das mesmas.
 3. **Difusión dos dereitos e deberes do alumnado.**
 4. **Reunións trimestrais coas familias** co fin de implicalos na marcha do centro, de crear un clima de confianza, de difundir as normas, de dar e obter información...
 5. **Convivencia co alumnado** en contextos distinto ao escolar: festas, saídas, excursións, convivencias, festivais e celebracións...
- **Centro:**
 1. Organización de actividades para a **acolida do novo profesorado** desde o equipo directivo: facilitar toda a información do centro e debatela en reunións co fin de propiciar rapidamente a integración e de favorecer un clima de confianza.
 2. **Difusión das normas de convivencia** e **revisión** cada curso das mesmas, procurando actualizalas ás novas situacións.
 3. **Elaboración e difusión do presente Plan de Convivencia.**
 4. Organización de **actividades lúdicas de convivencia do profesorado.**
 5. Fomento da **apertura do centro** nas actividades máis sinaladas.
 6. Reunións coas familias sobre temas de interese.
 - **Familias:**
 1. Organización de **actividades lúdicas para o alumnado:** teatro representado polos pais, O Martes Conto, festa de fin de curso...
 - **Actividades máis puntuais:**
 1. Carné por puntos
 2. As patrulla verdes.
 3. Axenda 21: A reciclaxe selectiva, A contaminación acústica.
 4. As festas: Nadal, Día da Paz, Entroido....
 5. Festas temáticas interciclos: Samaín, Contacontos, Fin de trimestre.
 6. Visita do alumnado de Éntoma.
 7. Xoga connosco.

DETECCIÓN DE NECESIDADES

1. Necesidades de formación relacionadas con **negociación, mediación e xestión en conflitos.**
2. Consideramos que a formación debe estar **dirixida a todos os compoñentes da comunidade educativa:** familias, alumnado e profesorado.
3. Charlas para as familias sobre como educar aos seus fillos.

OBXECTIVOS DO PLAN DE CONVIVENCIA

OBXECTIVOS XERAIS

1. **Fomentar a convivencia** no Centro e entre os membros da Comunidade Educativa.
2. **Conseguir un clima de convivencia** adecuado e que facilite a aprendizaxe.
3. **Desenvolver estratexias e recursos** para a prevención de conflitos e a resolución pacífica dos mesmos.
4. Contribuír á **información e sensibilización** da Comunidade Educativa sobre a importancia dunha boa convivencia escolar e sobre os procedementos para melloralas.

OBXECTIVOS PARA O PROFESORADO

1. Propor medidas e iniciativas que favorezan a convivencia escolar.
2. Conseguir un entorno educativo adecuado para o proceso de aprendizaxe.
3. Promover e desenvolver actividades encamiñadas a conseguir a mellora das habilidades sociais e do fomento do diálogo e a comunicación, bases dos valores democráticos, así como a adquisición de responsabilidades por parte do alumnado.
4. Manter unha liña común na prevención, tratamento e resolución de conflitos.
5. Coñecer a cualificación das condutas que perturban a convivencia e os tipos e medidas de corrección.
6. Coñecer o protocolo a seguir e as posibilidades de actuación ante un conflito: convivencia,

violencia, acoso... (V. anexo)

OBXECTIVOS PARA O ALUMNADO

1. Participar no regulamento das normas de convivencia do centro e asumir as consecuencias derivadas do seu incumprimento.
2. Aceptar as diferenzas e valoralas como algo positivo e enriquecedor, evitando calquer tipo de discriminación.
3. Utilizar o diálogo e o consenso como primeira estratexia de resolución de conflitos.
4. Aprender a utilizar estratexias para resolver conflitos xerados, de xeito pacífico.
5. Manifestar unha actitude de responsabilidade e respecto no uso e coidado do seu entorno: material e instalacións.
6. Facer un uso positivo da linguaxe, libre de violencia e prexuízos.

OBXECTIVOS PARA AS FAMILIAS

1. Participar no desenvolvemento da convivencia no centro a través dos distintos organismos: Consello Escolar, Ampa, Observatorio da Convivencia...
2. Coñecer cales son as condutas que perturban a convivencia, así como os tipos e medidas de corrección.
3. Colaborar e asumir medidas de prevención e corrección das posibles condutas perturbadoras da convivencia.
4. Asesorarse sobre como actuar adecuadamente ante un conflito ou para poder previr os mesmos.

OBXECTIVOS PARA O PERSOAL NON DOCENTE

1. Participar no desenvolvemento da convivencia no centro a través dos distintos organismos: Consello escolar e comisión de convivencia.
2. Coñecer cales son as condutas que perturban a convivencia, e poñelas en coñecemento do equipo directivo.

ACCÍONS PARA A CONSECUCIÓN DOS OBXECTIVOS

1. Actuacións preventivas e de sensibilización: resolución de conflitos, violencia sexista, racismo, acoso...
2. Actividades para a integración e participación do alumnado. Novo ingreso, exclusión social...
3. Actividades que favorezan a relación de familia e centro.
4. Actuacións conxuntas de órganos de goberno, de coordinación docente, dos distintos equipos docentes e a orientadora.

O OBSERVATORIO DE CONVIVENCIA ESCOLAR

(Segundo o Decreto 85/2007, do 12 de abril. DOG 8 de maio de 2007)

Composición

- **Director** do centro, que presidirá.
- **Xefe de estudos.**
- De un a catro **representantes do profesorado**, incluída a persoa responsable da mediación escolar.
- A **orientadora** do centro
- Unha persoa **representante do alumnado.**
- Unha persoa **representante das familias.**
- A persoa encargada dos programas de **coeducación.**
- Unha persoa representante do **persoal non docente.**
- **Profesorado titor** relacionado co tema a tratar en cada sesión.
- **Profesionais do concello** (Educación, Sanidade, Servizos Sociais...) implicados na mellora da convivencia.

Competencias

- Reflexionar e deseñar estratexias para fomentar a convivencia.

- Velar porque exista un ambiente de convivencia, disciplina e respecto no Centro.
- Estudar con urxencia os problemas que puidesen producirse.
- Adoptar medidas correctoras ou sancionadoras en casos graves.
- Dinamizar o plan de convivencia do centro, recollendo todas as iniciativas de todos os sectores.
- Elaborar un informe anual da análise da convivencia.
- Propoñerlle á Administración educativa as medidas oportunas para a mellora da convivencia.
- Coordinar e avaliar as actividades propostas neste plan.

Periodicidade das reunións

A Comisión de Convivencia reunirse, **cada vez que sexa necesario** por temas disciplinarios e, polo menos, **unha vez ao trimestre**.

Elaborará un informe que debe recoller as incidencias producidas no período, as actuacións levadas a cabo e os resultados conseguidos e presentaraos ao Consello Escolar.

NORMAS DE CONVIVENCIA

- As normas de convivencia estarán recollidas no **Regulamento de Réxime Interno**.
- Terán unha **redacción en positivo**, tentando ser **eficaces, claras e realistas**.
- Na súa realización, fomentárase a **participación de todos os membros** da comunidade escolar, buscando o **consenso e o compromiso** na toma de decisións.
- Cada norma irá acompañada da súa corrección en caso de infracción.
- É importante que quen sexa sancionado coñeza de antemán a **vinculación entre a infracción da norma e a consecuencia da mesma**.

NORMAS XERAIS DO CENTRO

As normas xerais do centro teñen como **referente** os seguintes aspectos:

- **Asistencia e puntualidade.**
- Respecto a **integridade física e a dignidade** da persoa.
- **Respecto e adecuada utilización dos bens** que forman a Comunidade Educativa: edificio, mobiliario, instalacións, material de Centro, material persoal...
- **Respecto á reserva de acceso a determinadas zonas** do Centro: sala de computadores, aulas en tempo de patio...
- Mantemento dunha **actitude correcta na clase**.
- **Toleranza** ante a diversidade, respectando as características e as diferenzas de cada persoa.
- **Corrección no trato social**, en especial, mediante o emprego dunha linguaxe correcta e o seguimento das regras básicas de urbanidade.
- Interese por desenvolver o propio traballo con responsabilidade.
- **Respecto polo traballo** de todos os membros da Comunidade Educativa.
- Coidado no **aseo e imaxe persoal** e a observación das normas do Centro sobre esta materia.
- En xeral, o cumprimento dos deberes que se sinalan na lexislación vixente, no presente plan e o R.R.I.

RELACIÓN DE FALTAS E CATALOGACIÓN

Na adopción das sancións seguiranse os **criterios** que se indican a continuación:

1. As faltas cometidas por un alumno/a catalogaranse en **leves e graves**.
2. **Calquera profesor/a testemuña dunha infracción está facultado para impor a sanción correspondente**, segundo establece o Regulamento de Réxime Interno.
3. Se ten consideración de grave, o poñerá en coñecemento do Equipo Directivo e do titor/a, que tomarán as medidas pertinentes.
4. A **imposición de sancións** terá **finalidade e carácter educativo** e terá en conta os

seguintes aspectos:

- Non se lle negará a ningún alumno/a o seu dereito á educación.
- Non se imporán correccións contrarias á dignidade e integridade física.
- Teranse en conta a idade, situación e circunstancias persoais, familiares e sociais do alumnado.
- As sancións serán proporcionais á natureza e gravidade das faltas e deberán contribuír á mellora da convivencia.

Faltas leves

As faltas leves e as medidas correspondentes para sancionalas son as seguintes:

Faltas leves	Medidas correctoras
Faltas inxustificadas de puntualidade .	1. Amoestación oral do profesorado tutor.
Faltas inxustificadas de asistencia a clase, que se son reiteradas, convértense en graves.	2. Entrevista coa familia do alumno en cuestión.
Condutas que perturban o desenvolvemento habitual das actividades do aula e do centro: charlar durante a explicación, correr polos pasillos, berrar...	3. Perda de puntos do carné. (RRI)
Falta de colaboración sistemática do alumnado na realización das actividades orientadas ao desenvolvemento do currículo.	4. Privación do tempo de recreo ou calquera outra medida similar de aplicación inmediata.
As condutas que poidan impedir ou dificultar o exercicio do dereito de estudar polos seus compañeiros.	5. Realización de traballos que conciencien ao alumno da súa falta e que contribúan á reparar o dano causado se ese fose o caso.
A incorrección e desconsideración no trato cara aos outros membros da comunidade educativa.	
Causar pequenos danos nas instalacións , recursos materiais ou documentos do centro, ou nas pertenzas dos demais membros da comunidade educativa.	
Usar material ou acceder a certas áreas do centro sen supervisión do profesorado.	

Faltas graves

As faltas graves e as medidas correspondentes para sancionalas son as seguintes:

Faltas graves	Medidas correctoras
A reiteración de calquera falta leve. (Sempre que supere o 10%)	1. Amoestación oral e privada do profesorado tutor.
A deterioración grave das instalacións , recursos materiais ou documentos do centro, ou as pertenzas dos demais membros da comunidade educativa.	2. Perda de puntos do carné.
A substracción das pertenzas dos membros da comunidade educativa.	3. Privación do tempo de recreo ou calquera outra medida similar de aplicación inmediata.
As vexacións, humillacións, insultos ou ofensa grave (verbais, físicas ou empregando medios tecnolóxicos) contra calquera membro da Comunidade Educativa, especialmente se teñen unha compoñente sexual, racial ou xenófoba, ou se realizan contra alumnado con necesidades educativas	4. Porase en coñecemento do equipo Directivo: comparecencia inmediata ante o Xefe de Estudos ou o Director. 5. Porase en coñecemento dos seus pais e do Claustro de Profesores. 6. Suspensión do dereito a participar nas actividades complementarias e extraescolares do centro. 7. Se procede, elevarase á Comisión de Convivencia para que esta adopte as medidas

especiais.	oportunas.
A agresión física contra calquera membro da comunidade educativa.	8.No caso de deterioración ou de substracción de obxectos, o alumno/a implicado deberá repor o obxecto deteriorado ou substraído .
As ameazas ou coaccións contra calquera membro da comunidade educativa	9. Realización de tarefas que contribúan á mellora e desenvolvemento das actividades do centro, así como a reparar o dano causado. 10. Suspensión do dereito de asistencia a clase . Durante o tempo que dure a suspensión, o alumno deberá realizar as actividades formativas que se determinen para evitar a interrupción no proceso formativo dentro do centro escolar. 11. Suspensión do dereito de asistencia ao centro durante un período de tres días lectivos. Durante o tempo que dure a suspensión, o alumno deberá realizar as actividades formativas que se determinen para evitar a interrupción do seu proceso formativo. 12. Cambio de grupo . 13. Cambio de centro .

ESTRATEGIAS DE INTERVENCIÓN

Medidas de prevención

- Actualización do Observatorio de Convivencia, durante o primeiro trimestre do curso escolar, mediante un consello escolar extraordinario.
- **Debate e discusión das normas de Convivencia** entre o profesorado do Claustro os primeiros días do curso.
- **Desenvolvemento e difusión do Plan de Convivencia** a toda a Comunidade Educativa. Para iso:
- **Informarase ás familias** das normas na primeira reunión do curso.
- **Programarase un tempo na aula** para dar a coñecer as normas, debatelas e asumir o compromiso coas mesmas.
- Poñer en práctica os **protocolos** para atallar as incidencias do alumnado que presente alteracións de comportamento.
- Participación en **actividades extraescolares** e todas aquelas programadas polo centro.
- Accións de sensibilización ante o acoso
- Dar a coñecer os canles que faciliten as vítimas a exteriorización dunha posible situación de acoso
- Difundir entre o profesorado as medidas que deben adoptarse en caso conlito leve, grave ou en caso de acoso entre iguais.

Medidas específicas de actuación

1. Protocolos en caso de conflito leve ou grave

En caso de conflito leve ou grave o titor dará resposta ao mesmo aplicando o Regulamento de Réxime Interno e o Plan de Convivencia (Ver Anexo).

2. Protocolo ante posibles situacións de intimidación, maltrato ou acoso

Ante calquera sospeita dunha situación de intimidación, maltrato ou acoso activarase urxentemente o protocolo para acoso entre iguais (Ver anexo).

En liñas xerais:

1. **Comunicación por parte do neno/a da situación de acoso a un familiar, profesor e á orientadora.**
2. **Comunicación por parte do observador ao titor/a e ao director do centro.**
3. **Recollida de información.**
4. **Fontes e instrumentos para a recollida de información (Ver anexo).**
5. **Comunicación á familia da sospeita de acoso.**

6. **Análise da información: valoración inicial da situación**
7. **Elaboración dun informe escrito no que figurará un resumo das actuacións realizadas e a xustificación da confirmación ou non de acoso**
8. **Se non se confirma acoso entre iguais:** revisión das medidas de prevención e sensibilización do alumnado.
9. **Confirmado o acoso entre iguais:**
 1. Medidas urxentes de protección integral da vítima.
 2. Comunicar a situación a outras institucións.
 3. Por en marcha, de forma inmediata, outras medidas disciplinarias .

Se a situación é de especial gravidade deben coñecer a situación: Claustro, Consello Escolar, Comisión de Convivencia, Inspección Educativa, familias e alumnos/as implicados e Servizos externos ao centro.

Medidas que deben adoptarse ante unha situación de acoso

1. Vítima:

1. Garantir a protección integral e o apoio á vítima.
2. Activar os medios para que non se produzan novas agresións.
3. Vixiar de cerca os achegamentos do agresor/a.
4. Revisar urxentemente a utilización de espazos e tempos do centro.
5. Establecer medidas oportunas de prevención.
6. Pór sobre aviso ás familias e aos axentes de seguridade si se teme que a integridade física da vítima poida estar ameazada.
7. Realizar unha entrevista para saber o alcance do acoso e o dano que lle puido ocasionar á vítima e propor se fora necesario apoio psicolóxico.

2. Agresor:

1. Falar inmediatamente co agresor ou agresores co fin de darlle unha mensaxe clara e contundente: tolerancia cero á violencia e ao acoso. Deixarlle claro que está incumprindo o regulamento do centro de forma grave e que o seu comportamento é motivo de sanción ou de denuncia.
2. Aplicar as medidas recollidas no R.R.I. e Plan de Convivencia a tal efecto.
3. Derivar, cando sexa o caso, aos servizos externos (sociais, sanitarios, xudiciais...).
4. Realizar unha entrevista ao agresor/es; Se son varios, é aconsellable entrevistalos por separado, sen que medie tempo e evitando a comunicación entre eles.
 1. O primeiro obxectivo é que deixen de intimidar.
 2. Informar ao alumno e á súa familia das actuacións realizadas (denuncia á fiscalía, outras...).
 3. Propor actuacións para a intervención:
 4. Conseguir un compromiso de cambio, evitando os métodos coercitivos.
 5. Preguntarlle qué medidas sancionadoras propón el mesmo.
 6. Se hai varios agresores, reunilos en grupo para comunicarlles cando e como se aplicarán as sancións oportunas.
 7. Incluír un compromiso de cambio a través dun contrato polo cal o agresor ou agresores se comprometen a participar en actividades e estratexias para mellorar as súas habilidades sociais e persoais.

3. Centro educativo:

1. Vixiar os lugares de risco. A presenza de adultos reduce as situacións de abuso.
2. Son posibles zonas de risco: a entrada e saída do colexio, o comedor e os recreos, os baños e vestiarios, a aula, as saídas extraescolares.

4. Aula:

1. Realizar actuacións dirixidas á sensibilización e o apoio entre compañeiros/as.
2. Informar aos alumnos/as sobre a existencia do caso de acoso.
3. Axudar a recoñecer os diferentes roles de vítimas, agresores e espectadores.
4. Pedirlles aos compañeiros e/ou amigos da vítima compañía e apoio.

5. Familias:

1. Informar ás familias de todas as actuacións que o centro educativo adopte.

2. Tentar transmitir confianza e tranquilidade, explicando as medidas que vai tomar o centro para que a situación non volva a repetirse nas súas instalacións.
3. Dar pautas de intervención no fogar.
4. Informar sobre os servizos de apoio externos ao centro (sociais, sanitarios, xudiciais).
5. Pedir a súa colaboración para o plan de intervención, resaltando a necesidade de que tanto a familia como o centro deben traballar na mesma dirección.

DIFUSIÓN, SEGUIMIENTO E AVALIACIÓN DO PLAN

1. **Aprobación e difusión** do Plan de Convivencia no Consello Escolar e posterior incorporación ao PEC. Ademais colgarase na páxina web do centro para que toda a comunidade teña acceso ao documento.

A Comisión de Convivencia realizará o **seguimento** do mesmo, valorará os avances e dificultades do Plan. Ademais realizarase un seguimento na CCPP.

Realizarase unha **avaliación** do plan atendendo aos seguintes criterios:

- Grao de implantación e consecución dos obxectivos.
- Actuacións e grao de participación da comunidade educativa.
- Coordinación e implicación do Plan no centro.
- Valoración dos resultados.
- Conclusións e propostas de mellora, que serán recollidas no informe anual de análise da convivencia.
- Avaliación do proceso e dos resultados.
- Documentación elaborada.
- Realizarase unha **revisión Anual do Plan** a comezos de cada curso escolar para engadir as posibles modificacións.

2. **Instrumentos de avaliación**

- Cuestionarios incluídos en anexos.
- Rexistros do cumprimento do plan.
- Observación directa.
- Memorias do centro.